



EXPOSICIÓN PÚBLICA DO CENSO ELECTORAL INICIAL

O censo electoral inicial expónse públicamente no apartado de eleccións da páxina web e no taboleiro de anuncios da federación durante vinte (20) días naturais (dende o 27 de febreiro até o 19 de marzo, para os efectos de que as posibles persoas electoras poidan presentar aclaracións, rectificacións ou reclamacións a este durante o dito prazo, mediante escrito remitido á xunta directiva, que valorará os escritos presentados e procederá, se é o caso, á emenda ou corrección do censo electoral inicial no prazo de oito días naturais.

No citado prazo, as entidades poderán solicitar que figure como representante delas no censo e como votante na elección de membros da asemblea xeral unha persoa distinta á presidencia, sempre que sexa membro da xunta directiva da entidade, condición que deberá acreditar mediante certificado expedido polo Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

O censo inicial publicado ten por exclusiva finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio, e garantir a transparencia do proceso electoral. Queda prohibida a súa utilización ou cesión para calquera outra finalidade. Queda tamén prohibida calquera información particularizada sobre os datos persoais contidos no censo electoral. En todo caso, é de aplicación o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Por este motivo, namentres non sexa posible adoptar as medidas informáticas para evitar que os datos persoais contidos no censo non poidan ser accesibles a persoas alleas ó proceso electoral nin obxecto de garda ou tratamento, os datos persoais sensibles (tales como nº de DNI asociados ó nome e apelidos completo) sómentes poderá ser consultado presencialmente no taboleiro de anuncios da Federación.